

## 4.- PANORAMA SOCIAL

O CAPÍTULO CUARTO DESTE INFORME sobre a situación económica e social da área funcional de Lalín está dedicado ao estudo do panorama social, que dividimos en catro grandes áreas: a análise da vivenda, a educación, a saúde e a asistencia social.

En canto aos datos sobre dotación de vivendas no seo da área funcional, recollidos no *Censo de poboación e vivendas 2001* do IGE, preséntanse as características do réxime de tenza das vivendas da área funcional, así como o número de membros das unidades familiares.

Por outra banda, a información no eido educativo extráese do devandito *Censo de poboación e vivendas 2001* (nivel de formación, tipo de estudios realizados e taxa de analfabetismo) e dos datos facilitados polo IGE.

A análise da saúde parte da información recollida na *Memoria 2004* do Servicio Galego de Saúde e comenta a poboación protexida dentro da área funcional, así como o número de camas e quirófanos e as listas de espera.

Finalmente, o estudo dos servizos sociais, considera tanto o ámbito das prestacións e inserción social –analizando a renda de inserción social de Galicia e as axudas de emerxencia social– como a área das persoas maiores, onde se trata a situación dos centros propios dependentes da Consellería, prestadores de servizos sociais para as persoas maiores.

### **Vivenda**

Os datos proporcionados polo *Censo de poboación e vivendas 2001* permiten coñecer unha parte fundamental da es-

**4.1.**

**Fogares nos municipios 2001: distribución segundo réxime de tenza**

	Total	En propiedade		En aluguer	Outros
		Por compra pagada	Con pagos pendentes		
<b>Comarca do Deza</b>	14.371	6.641	537	5.046	769
A Golada	1.553	468	11	754	39
Dozón	445	50	21	262	3
Lalín	6.213	3.049	329	1.708	490
Rodeiro	1.218	321	11	797	17
Silleda	2.825	1.336	134	1.010	148
Vila de Cruces	2.117	1.417	31	515	72
<b>Comarca de Tabeirós-Terra de Montes</b>	9.503	3.772	698	3.972	491
A Estrada	7.072	3.010	687	2.542	455
Forcarei	1.595	483	9	933	21
Cerdeiro	836	279	2	497	15
<b>Total área funcional</b>	23.874	10.413	1.235	9.018	1.260
<b>Provincia Pontevedra</b>	285.623	128.546	37.560	59.442	30.030
<b>Galicia</b>	900.376	391.781	113.216	193.049	94.524
					107.806

Fonte: INE, *Censo de población y viviendas 2001*

tructura social da área xeográfica analizada como son os réximes de tenza das vivendas ou as características e número de membros das unidades familiares.

Neste senso, o **cadro 4.1.** mostra o total de vivendas en función do réxime de tenza das mesmas, nas dúas comarcas e nove concellos que componen a área funcional de Lalín. Os datos do citado cadro mostran que o 60,2% das vivendas da área funcional pertencen á comarca do Deza (14.371 vivendas). Sen embargo, a nivel municipal o concello cun maior número de vivendas é o de A Estrada, na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, que, con 7.072 vivendas, acolle o 74,4% das vivendas totais da comarca e o 29,6% das vivendas totais da área funcional, que no ano 2001 eran 23.874. Os seguintes concellos en importancia en canto ao número de vivendas son os de Lalín, con 6.213 vivendas (representan o 43,2% do total da comarca do Deza), e o concello de Silleda, con 2.825 vivendas (representan o 19,6% do total da comarca do Deza).

O réxime de tenza máis estendido en tódolos concellos da área funcional é o de propiedade. Dentro do réxime de propiedade da vivenda, en cinco concellos dos nove da área funcional (A Golada, Dozón, Rodeiro, Forcarei e Cerdeiro) as vivendas obtidas por herdanza ou doazón son as que presentan un maior número, por riba dos outros dous réximes de propiedade. Nos catro concellos restantes da área funcional o réxime de propiedade preponderante é o de “compra pagada”.

As porcentaxes de vivendas alugadas nos concellos da área funcional oscilan entre o 7,9% do total de vivendas do concello de Lalín ata o 0,7% do concello de Dozón. En termos absolutos destaca o concello de Lalín, con 490 vivendas en alugueiro. No conxunto da área funcional ningún concello acada a media galega e provincial de vivendas en alugueiro, situada en ámbolos dous casos no 10,5%.

No que respecta ao número de membros nos fogares dos concellos da área ob-

#### 4.2.

*Fogares nos municipios 2001: distribución segundo número de membros*

	Total	1	2	3	4	5	6 ou más	Tamaño medio
<b>Comarca do Deza</b>	14.371	2.847	2.965	2.887	2.575	1.564	1.533	3,2
A Golada	1.553	503	369	326	203	97	55	2,5
Dozón	445	59	75	82	78	64	87	3,8
Lalín	6.213	1.091	1.278	1.351	1.247	679	567	3,2
Rodeiro	1.218	249	216	199	150	157	247	3,5
Silleda	2.825	540	564	544	543	338	296	3,2
Vila de Cruces	2.117	405	463	385	354	229	281	3,3
<b>Comarca de Tabeirós-Terra de Montes</b>	9.503	1.948	2.141	1.844	1.624	1.053	893	3,1
A Estrada	7.072	1.311	1.536	1.468	1.301	798	658	3,1
Forcarei	1.595	399	374	254	223	178	167	3,1
Ceredo	836	238	231	122	100	77	68	2,8
<b>Provincia Pontevedra</b>	285.623	49.653	59.815	60.597	63.271	30.397	21.890	3,1
<b>Galicia</b>	900.376	177.476	210.529	195.915	177.737	81.291	57.428	3,0

Fonte: INE, Censo de población y viviendas 2001

xecto de estudo, salienta que en tres dos nove concellos que componen a área funcional de Lalín os fogares más numerosos son os compostos por un membro (A Golada, Forcarei e Ceredo). Nos concellos de Silleda, Vila de Cruces e A Estrada os fogares de dous membros son os más frecuentes, no concello de Lalín predominan os fogares de tres membros e finalmente no concellos de Dozón e Rodeiro os fogares más numerosos son aqueles que posúen seis ou más membros (**adro 4.2.**).

## Educación

A análise da situación do nivel de formación dos habitantes da área funcional de Lalín, así como do sistema educativo nesta área xeográfica, elabórase a partires dos datos recollidos no *Censo de poboación e vivenda 2001* e no *Mapa escolar* do IGE.

Das 66.101 persoas de máis de 16 anos en vivendas familiares da área funcional de Lalín, o **adro 4.3.** reflicte que

o 34,6% (22.818 persoas) non completaron o bacharelato elemental, ESO ou EXB, un 16,8% (11.101 persoas) teñen menos de cinco anos de escolarización e un 1,4% (953 persoas) non saben ler ou escribir. Comparando co total provincial e galego, a poboación que non completou o bacharelato elemental representa o 10,5% e o 3,6% respectivamente, a poboación con menos de cinco anos de escolarización representa o 11,1% do total provincial nesa situación e o 2,9% do total galego e, finalmente, a poboación que non sabe ler ou escribir dentro da área funcional representa o 6,8% do conxunto desta poboación na provincia de Pontevedra e o 1,9% en Galicia.

No concernente á formación profesional, un total de 3.303 persoas (o 4,5% dos maiores de 16 anos residentes en vivendas familiares da área funcional) tiñan estudos de formación profesional, dos que 1.158 (o 35,1%) tiñan un nivel de estudos de “FPI, FP grao medio, Oficialía industrial”, e 2.145 persoas (o 64,9% restante) tiñan un nivel de estudos de “FPII,

**4.3.**

*Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares en: distribución segundo o nivel de estudos*

Deza	Área funcional de Lalín		Pontevedra	Galicia	Área funcional/ Pontevedra (%)	Área funcional/ Galicia (%)
	Tabeirós-Terra de Montes	Total				
<b>Total</b>	40.100	26.001	769.107	2.335.614	8.59	2.83
Non sabe ler ou escribir	622	331	953	13.976	49.493	6.82
Menos de 5 anos de escolarización	6.623	4.478	11.101	100.244	383.078	11.07
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	13.506	9.312	22.818	217.709	626.124	10.48
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	11.357	5.966	17.323	208.914	593.710	8.29
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	3.666	2.495	6.161	86.563	257.262	7.12
FPI, FP grao medio, Oficialia industrial	680	478	1.158	26.657	74.998	4.34
FPII, FP grao superior, Maestría industrial	1.207	938	2.145	36.692	104.609	5.85
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	1.331	1.157	2.488	39.559	122.908	2.05
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	1.079	831	1.910	36.812	116.364	6.29
Doutoramento	29	15	44	1.981	7.068	2.22

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

#### 4.4.

*Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo sexo e nivel de estudos*

Homes						Área funcional/ Pontevedra (%)	
Deza	Área funcional de Lalín			Pontedeira	Galicia		
	Tabeirós-Terra de Montes	Total					
<b>Total</b>	19.326	12.026	31.352	364.983	1.112.041	8.59	
Non sabe ler ou escribir	182	106	288	3.247	11.977	8.87	
Menos de 5 anos de escolarización	2.796	1.699	4.495	39.338	160.709	11.43	
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	6.553	4.238	10.791	102.536	299.286	2.80	
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	6.164	3.202	9.366	109.318	308.897	3.61	
Bacharelato superior BUPLOXSE, COU/PREU	1.722	1.173	2.895	42.941	126.405	3.03	
FPI, FP grao medio, Oficialia industrial	347	244	591	13.393	39.456	6.74	
FPI, FP grao superior, Mestría industrial	588	508	1.096	19.379	57.193	4.41	
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	412	429	841	15.223	47.289	5.66	
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	546	418	964	18.386	56.601	5.52	
Doutoramento	16	9	25	1.222	4.228	1.78	
<b>Mulleres</b>							
Deza	Área funcional de Lalín			Pontedeira	Galicia	Área funcional/ Pontevedra (%)	
	Tabeirós-Terra de Montes	Total					
<b>Total</b>	20.774	13.975	34.749	404.124	1.223.573	8.60	
Non sabe ler ou escribir	440	225	665	10.729	37.516	6.20	
Menos de 5 anos de escolarización	3.827	2.779	6.606	60.906	222.369	10.85	
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	6.953	5.074	12.027	115.173	326.838	10.44	
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	5.193	2.764	7.957	99.596	284.813	7.99	
Bacharelato superior BUPLOXSE, COU/PREU	1.944	1.322	3.266	43.622	130.857	7.49	
FPI, FP grao medio, Oficialia industrial	333	234	567	13.264	35.542	4.27	
FPI, FP grao superior, Mestría industrial	619	430	1.049	17.313	47.416	6.06	
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	919	728	1.647	24.336	75.619	6.77	
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	533	413	946	18.426	59.763	5.13	
Doutoramento	13	6	19	759	2.840	2.50	

Fonte: INE, Censos de poboación e vivendas 2001

**4.5.**

**Poboación de 16 e más anos en vivendas familiares: distribución segundo a clase de estudos**

	Área funcional de Lalín			Pontevedra	Galicia	Área funcional/ Pontevedra	Área funcional/ Galicia
	Deza	Tabeirós- Terra de Montes	Total				
<b>Total</b>	4.326	3.419	7.745	141.701	425.947	5,47	1,82
Dereito	139	107	246	6.072	19.546	4,05	1,26
Maxisterio, Educación infantil	713	530	1.243	15.703	46.676	7,92	2,66
Ciencias sociais	956	762	1.718	33.593	93.582	5,11	1,84
Artes e Humanidades	249	261	510	9.400	30.685	5,43	1,66
Informática	131	135	266	4.935	14.105	5,39	1,89
Enxeñerías	117	144	261	6.578	18.592	3,97	1,40
Formación técnica e Industrias	953	680	1.633	26.213	80.476	6,23	2,03
Ciencias	186	171	357	6.784	22.798	5,26	1,57
Arquitectura ou Construcción	72	36	108	2.333	8.075	4,63	1,34
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	109	32	141	1.754	6.445	8,04	2,19
Saúde, Servicios sociais	421	378	799	17.917	53.825	4,46	1,48
Outros estudos	280	183	463	10.419	31.142	4,44	1,49

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

FP grao superior, Mestría industrial". Comparando co total provincial e galego, as persoas que posúen formación profesional na área funcional de Lalín representan o 5,2% das persoas co mesmo nivel de formación na provincia de Pontevedra e o 1,8% no conxunto de Galicia.

A poboación con estudos universitarios ascendeu a 4.442 persoas (o 6,7% da poboación de máis de 16 anos residente en vivendas familiares na área funcional de Lalín), dos que 2.488 posuían unha diplomatura ou enxeñería técnica, 1.910 persoas, unha licenciatura e as 44 persoas restantes tiñan o doutoramento. En relación ao nivel de estudos no conxunto da provincia de Pontevedra e no conxunto de Galicia, na área funcional de Lalín residen o 5,7% dos universitarios totais da provincia de Pontevedra e o 1,8% dos existentes na Comunidade Autónoma.

O **cadro 4.4.** mostra a distribución dentro da área funcional da poboación maior de 16 anos en vivendas familiares, non só segundo o nivel de estudos senón

tamén segundo o sexo. Este cadro reflicte que dentro da área funcional de Lalín existe un 4,2% máis de homes que de mulleres con estudos de Formación Profesional (superior e media), mentres que o número de mulleres con estudos universitarios é un 29,9% superior ao dos homes. Por outra banda, o número de mulleres que non saben ler ou escribir e as que non completaron o bacharelato ou teñen menos de cinco anos de escolarización é superior ao dos homes nun 19,3%.

O **cadro 4.5.** mostra a distribución da poboación maior de 16 anos en vivendas familiares segundo a súa clase de estudos. Na área funcional de Lalín en canto ao número de estudiantes predominan as ciencias sociais (1.718 persoas), seguidas da formación técnica e industrias (1.633 persoas), representando esta clase de estudos o 5,1% e o 6,2% do total de titulados nesas especialidades na provincia de Pontevedra, respectivamente.

A distribución da poboación segundo a clase de estudos e o sexo mostra que,

#### 4.6.

##### Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares: distribución segundo sexo e clase de estudos

	Homes					Área funcional/Pontevedra (%)	Área funcional/Galicia (%)		
	Área funcional de Lalín		Pontevedra	Galicia					
	Deza	Tabeirós-Terra de Montes		Total					
<b>Total</b>	1.909	1.608	3.517	67.603	204.767	5,20	1,72		
Dereito	63	51	114	3.056	9.690	3,73	1,18		
Maxisterio, Educación infantil	153	162	315	4.016	11.627	7,84	2,71		
Ciencias sociais	314	259	573	11.989	34.576	4,78	1,66		
Artes e Humanidades	118	99	217	3.369	11.084	6,44	1,96		
Informática	71	64	135	2.904	8.351	4,65	1,62		
Enxeñerías	94	121	215	5.364	14.915	4,01	1,44		
Formación técnica e Industrias	684	563	1.247	21.801	65.351	5,72	1,91		
Ciencias	71	80	151	3.120	10.313	4,84	1,46		
Arquitectura ou Construcción	50	24	74	1.627	5.550	4,55	1,33		
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	79	26	105	1.283	4.717	8,18	2,23		
Saúde, Servicios sociais	114	98	212	4.627	14.573	4,58	1,45		
Outros estudos	98	61	159	4.447	14.020	3,58	1,13		
<b>Mulleres</b>									
	Mulleres					Área funcional/Pontevedra (%)	Área funcional/Galicia (%)		
	Área funcional de Lalín		Pontevedra	Galicia					
	Deza	Tabeirós-Terra de Montes		Total					
<b>Total</b>	2.417	1.811	4.228	74.098	221.180	5,71	1,91		
Dereito	76	56	132	3.016	9.856	4,38	1,34		
Maxisterio, Educación infantil	560	368	928	11.687	35.049	7,94	2,65		
Ciencias sociais	642	503	1.145	21.604	59.006	5,30	1,94		
Artes e Humanidades	131	162	293	6.031	19.601	4,86	1,49		
Informática	60	71	131	2.031	5.754	6,45	2,28		
Enxeñerías	23	23	46	1.214	3.677	3,79	1,25		
Formación técnica e Industrias	269	117	386	4.412	15.125	8,75	2,55		
Ciencias	115	91	206	3.664	12.485	5,62	1,65		
Arquitectura ou Construcción	22	12	34	706	2.525	4,82	1,35		
Agricultura, Gandería, Pesca, Veterinaria	30	6	36	471	1.728	7,64	2,08		
Saúde, Servicios sociais	307	280	587	13.290	39.252	4,42	1,50		
Outros estudos	182	122	304	5.972	17.122	5,09	1,78		

Fonte: IGE, Censos de poboación e vivendas 2001

**cadro 4.6.**, dos 1.633 titulados en formación técnica e industrias dentro da área funcional analizada, o 76,4% son homes, e que dos 1.718 titulados en ciencias sociais, o 66,6% son mulleres, así como o 74,7% dos titulados en maxisterio, educación infantil e o 73,5% dos titulados en saúde, servizos sociais.

No que respecta á taxa de analfabetismo da poboación de 16 e máis anos residente en vivendas familiares na área funcional de Lalín (**cadro 4.7.**), destacar que a nivel comarcal esta taxa rexistra ni-

veis inferiores á taxa media galega (2,1) e provincial (1,8) nas dúas comarcas que componen a área funcional de Lalín. Así, a comarca do Deza presenta unha taxa do 1,6 e a comarca de Tabeirós-Terra de Montes ten unha taxa de analfabetismo do 1,3. As taxas de analfabetismo masculino nas dúas comarcas que componen a área funcional (0,9 en ámbolos dous casos), son inferiores á taxa media galega (1,1) e iguais á taxa media provincial. Así mesmo, no caso das taxas de analfabetismo feminino, as comarcas do Deza e Tabeirós-Terra de Montes presentan taxas

**4.7.**

**Taxas de analfabetismo da poboación de 16 e más anos: distribución segundo sexo**

	Total	Homes	Mulleres
<b>Comarca do Deza</b>	1,6	0,9	2,1
A Golada	2,7	1,3	4,0
Dozón	1,3	0,8	1,8
Lalín	1,2	0,9	1,5
Rodeiro	2,0	1,4	2,6
Silleda	1,3	0,6	1,9
Vila de Cruces	2,1	1,1	3,0
<b>Comarca de Tabeirós-Terra de Montes</b>	1,3	0,9	1,6
A Estrada	1,3	0,9	1,6
Forcarei	1,3	0,7	1,8
Cerdego	1,2	0,6	1,7
<b>Provincia Pontevedra</b>	1,8	0,9	2,7
<b>Galicia</b>	2,1	1,1	3,1

Fonte: IGE; Censos de Poboación e vivendas 2001

do 2,1 e 1,6 respectivamente, inferiores á taxa media da provincia de Pontevedra (2,7) e de Galicia (3,1). A nivel municipal destaca o concello de A Golada, cunha taxa de analfabetismo do 2,7, ascendendo neste concello a taxa de analfabetismo feminino a 4.

En relación ao **mapa escolar** da área funcional de Lalín, os **cadros 4.8., 4.9. e 4.10.** recollen respectivamente a situación a nivel comarcal e municipal dos tres elementos formativos do entramado educativo: o alumnado, os centros e o profesorado.

No **cadro 4.8.** recóllese información sobre o alumnado no curso 2003-2004. Obsérvase en primeiro lugar que a poboación da área funcional de Lalín susceptible de estar en algún dos distintos graos formativos, isto é, a poboación entre 4 e 16 anos, é de 6.542 persoas, no ano 2003.

Na área funcional considerada atópase o 6,2% e o 2,3% dos alumnos dos diferentes graos formativos do conxunto

da provincia de Pontevedra e de Galicia, respectivamente. Destaca que a área funcional do Deza acolle o 7,1% dos alumnos da educación secundaria obligatoria. En canto á educación postobrigatoria, acolle ao 6,2% dos alumnos do bacharelato LOXSE da provincia de Pontevedra e, en canto á educación de adultos, o 7,3% dos alumnos de ensinanzas regadas da provincia de Pontevedra están localizados na área funcional de Lalín.

A nivel comarcal, e tendo en conta o número de alumnos por nivel formativo, destaca a comarca do Deza, con 5.521 alumnos, seguida da comarca de Tabeirós-Terra de Montes, con 3.478 alumnos. En liñas xerais, na comarca do Deza están matriculados en torno ao 60% dos alumnos totais do conxunto da área funcional de todos os niveis formativos.

A nivel municipal destacan, dentro da comarca do Deza, os concellos de Lalín e Silleda, que acollen o 76,6% do total de alumnos matriculados na comarca, e dentro da comarca de Tabeirós-

## 4.8.

*Alumnado segundo ensinanza, curso 2003/2004*

	E. Infantil	E. Primaria	E. Secundaria Obrigatoria	E. Postobrigatoria			
				Bacharelato LOXSE	Ciclo formativo de FP específica. Grao medio	Ciclo formativo de FP específica. Grao superior	Módulos profesionais
<b>Área Lalín</b>	1.247	3.131	2.871	815	319	253	- 72
Comarca do Deza	741	1.926	1.852	507	180	129	- 51
A. Goiada	29	114	53	-	-	-	-
Dozón	19	42	-	-	-	-	-
Lalin	398	929	1.001	272	103	102	- 28
Rodeiro	54	123	119	-	-	-	-
Silleda	165	449	397	158	57	27	- 11
Vila de Cruces	76	269	282	77	20	-	- 12
Comarca de Tabeirós-Terra de Mo	506	1.205	1.019	308	139	124	- 21
A. Estrada	438	1.033	859	274	139	124	- 21
Forcarei	57	133	160	34	-	-	-
Cerdeiro	11	39	-	-	-	-	-
Pontevedra	22.323	49.411	40.468	13.134	5.922	6.737	- 21
Galicia	57.629	128.533	108.138	37.774	17.067	18.778	- 910
Área funcional / Pontevedra (%)	5,59	6,34	7,09	6,21	5,39	3,76	- 2.508
Área funcional / Galicia (%)	2,16	2,44	2,65	2,16	1,87	1,35	- 2,87
<hr/>							
	Ensiganzas Regradas	Ensiganzas non Regradas	Bacharelato LOXSE	Ciclo formativo de FP específica.	Módulos Profesionais	E. Especial	-
<b>Área Lalín</b>	244	12	35	-	-	-	-
Comarca do Deza	88	12	35	-	-	-	-
A. Goiada	-	-	-	0	0	0	0
Dozón	-	-	-	0	0	0	0
Lalin	59	-	35	0	0	0	0
Rodeiro	-	-	-	0	0	0	0
Silleda	-	-	-	0	0	0	0
Vila de Cruces	29	12	-	0	0	0	0
Comarca de Tabeirós-Terra de Mo	156	-	-	0	0	0	0
A. Estrada	156	-	-	0	0	0	0
Forcarei	-	-	-	0	0	0	0
Cerdeiro	-	-	-	0	0	0	0
Pontevedra	3.319	684	1.281	711	231	475	
Galicia	8.004	1.753	6.148	1.862	393	1284	
Área funcional / Pontevedra (%)	7,35	1,75	2,73	-	-	-	
Área funcional / Galicia (%)	3,05	0,68	0,57	-	-	-	

(1) datos da Revisión do Padrón municipal de habitantes a 1 de xaneiro de 1998.  
Fonte: IGE

**4.9.**

*Centros docentes segundo ensinanzas impartidas na área funcional de Lalín. Curso 2003/2004*

	E. Infantil (exclus.)	E. Infantil e Primaria (exclus.)	E. Infantil, primaria e secundaria obligatoria e postobrigatoria (1)	E. Primaria (exclus.)	E. primaria e secundaria obligatoria	E. Primaria e secundaria obligatoria e postobrigatoria	E. secundaria obligatoria e postobrigatoria (exclus.)	E. secundaria obligatoria e postobrigatoria (exclus.)	E. especial (exclus.)	E. de adultos (exclus.)
<b>Área funcional de Lalín</b>	4	22	3	2	-	-	-	1	7	-
Comarca do Deza	4	11	2	2	-	-	-	-	4	-
A Golada	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-
Dozón	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-
Lalín	2	5	-	1	-	-	-	-	-	-
Rodeiro	-	-	1	-	-	-	-	-	-	-
Silleda	2	2	-	1	-	-	-	-	-	-
Vila de Cruces	-	3	-	-	-	-	-	-	-	-
Comarca de Taboado - Terra de Montes	-	11	1	-	-	-	-	1	3	-
A Estrada	-	8	1	-	-	-	-	-	-	-
Forcarei	-	2	-	-	-	-	-	-	-	-
Cerdeiro	-	1	-	-	-	-	-	-	-	-
Pontevedra	133	212	67	28	21	5	1	16	72	26
Galicia	280	705	175	72	37	7	5	40	222	85
Área funcional / Pontevedra (%)	3,0	10,4	4,5	7,1	-	-	6,3	-	-	14
Área funcional Galicia (%)	1,4	3,1	1,7	2,8	-	-	2,5	3,2	-	-

(1) Por ensinanza postobrigatoria enténdese bacharelato, formación profesional e programas de garantía social.

Fonte: IGE

## 4.10.

*Professorado segundo ensinanzas impartidas na área funcional de Lalín. Curso 2003/2004*

Área funcional de Lalín	E. Infantil (exclus.)	E. Primaria (exclus.)	E. Infantil e primaria	E. Primaria e secundaria obligatoria (exclus.)	E. Secundaria obligatoria (exclus.)	Postobrigatoria	E. Secundaria e postobrigatoria	E. Primaria, secundaria e postobrigatoria	E. Personas adultas (exclus)	E. Especial en centros específicos	Personas substitutos comarcas e itinerantes	Profesores de orientación e outro	Personal de departamentos de orientación e professorado
Comarca do Deza	54	138	31	10	101	43	120	-	-	5	-	2	30
A Golada	2	5	1	3	3	-	-	-	-	-	-	-	2
Dozón	1	5	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-
Lalín	31	65	14	2	49	26	68	-	3	-	2	2	12
Rodeiro	3	11	1	2	16	-	-	-	-	-	-	-	3
Silleda	11	30	6	3	20	10	29	-	2	-	-	-	8
Vila de Cruces	6	22	9	-	13	7	23	-	-	-	-	-	5
Comarca de Taboñós - Terra de Montes	29	86	26	4	65	35	71	-	3	-	-	-	23
A Estrada	24	68	22	4	57	33	54	-	3	-	-	-	18
Forcarei	4	12	4	-	8	2	17	-	-	-	-	-	4
Cerdeiro	1	6	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	1
Pontevedra	1.339	3.276	521	284	2.433	1.597	2.414	21	165	110	58	838	
Galicia	3.384	8.658	1.492	685	6.586	4.824	7.174	96	481	330	153	2388	
Área funcional / Pontevedra (%)	6,20	6,84	10,94	4,93	6,82	4,88	7,91	-	4,85	-	3,45	6,32	
Área funcional / Galicia (%)	2,5	2,6	3,8	2,0	2,5	1,6	2,7	-	1,7	-	1,3	2,2	

Fonte: IGÉ

**4.11.**

**Oferta de ciclos formativos de Formación Profesional Regrada en centros sostidos con fondos públicos 2004 - 2005, na área funcional de Lalín**

Concello	Centro	Ciclo (1)	Prazas
A Estrada	IES Antón Losada Diéguez	CM Xestión administrativa	30
		CM Equipos electrónicos de consumo	22
		CM Fabricación á medida e instalación de carpintería e moble	22
		CM Electromecánica de vehículos	22
		CS Administración e finanzas	30
Lalín	IES Laxeiro	CS Administración de sistemas informáticos	30
		CM Xestión administrativa	30
		CM Equipos e instalacións electrotécnicas	22
		CM Explotación de sistemas informáticos	22
		CM Electromecánica de vehículos	22
Silleda	IES Pintor Colmeiro	CS Administración e finanzas	30
		CS Mantemento de equipo industrial	22
		CM Condución de actividades físico-deportivas no medio natural	22
Vila de Cruces	IES Marco de Camballón	CM Comercio	30
		CS Xestión comercial e marketing	30
		CM Soldadura e caldeiraría	22

(1) CM: Ciclo Medio; CS: Ciclo superior

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

Terra de Montes destaca o concello de A Estrada, co 87,5% do total de alumnos matriculados na comarca.

Da análise da distribución comarcal dos centros educativos segundo o nivel formativo, **cadro 4.9.**, despréndese a existencia na área funcional de Lalín de catro centros de educación infantil exclusiva (emprazados todos eles na comarca do Deza), 22 centros de educación infantil e primaria, un centro de ESO exclusiva (situado na comarca de Tabeirós-Terra de Montes), tres centros de educación infantil, primaria e ESO (dous deles emprazados na comarca do Deza), dous centros de educación infantil, primaria, secundaria obrigatoria e postobrigatoria, entendéndose por esta última bacharelato, formación profesional e programas de garantía social (situados os dous centros na comarca do Deza), e, finalmente, sete centros de educación secundaria obrigatoria e postobrigatoria. Tal como se mostra no citado cadro, non existen dentro da área

funcional, entre outros, ningún centro específico de educación especial.

Finalmente, o **cadro 4.10.** mostra datos sobre o profesorado asociado aos centros analizados, comparando as porcentaxes de alumnos sobre o total provincial e galego e de profesores sobre os mesmos totais. Na área funcional de Lalín as porcentaxes de profesores por centros de ensino son lixeiramente superiores ás porcentaxes de alumnos matriculados nos citados centros.

No que respecta á Formación Profesional regrada, o **cadro 4.11.** mostra a oferta de ciclos formativos de F.P. regrada en centros sostidos con fondos públicos no curso 2004-2005 na área funcional de Lalín. Cabe destacar en primeiro lugar a existencia de catro concellos dentro da área funcional con centros educativos onde se imparte a dita formación profesional: A Estrada, Lalín, Silleda e Vila de Cruces.

#### 4.12.

**Titulados e investimento <sup>(1)</sup> nos cursos de Formación Profesional Ocupacional 2003:  
distribución segundo comarcas**

	Nº cursos	Nº alumnos	Investimento (en euros)
<b>Comarca do Deza</b>	49	775	1.090.162
Agraria	2	30	45.039
Administración e oficinas	3	54	81.283
Artesanía	2	35	83.347
Comercio	11	164	186.889
Servicios ás empresas	15	237	143.820
Edificación e obras públicas	1	13	53.822
Industrias gráficas	1	15	4.200
Industria pesada e construccóns metálicas	1	16	23.636
Industrias téxtils	2	38	78.434
Montaxe e instalación	1	14	60.018
Sanidade	2	31	47.256
Servicios á comunitade e persoais	1	17	27.604
Transportes e comunicacóns	5	79	167.111
Turismo e hostalería	2	32	87.703
<b>Comarca de Tabeirós-Terra de Montes</b>	26	423	859.283
Agraria	2	34	24.300
Administración e oficinas	3	48	137.274
Artesanía	3	50	135.473
Servicios ás empresas	9	147	235.754
Información e manifestacións artísticas	1	17	52.851
Industrias téxtils	1	16	28.139
Industria da madeira e a cortiza	3	45	106.740
Seguros e finanzas	1	17	30.882
Servicios á comunitade e persoais	2	31	68.888
Turismo e hostalería	1	18	38.982
<b>Área funcional</b>	75	1.198	1.949.445

(1) Os investimentos obtéñense dos presupostos previstos para os cursos, non do custo final dos mesmos  
Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral 2004

Na área funcional de Lalín impartíronse durante o curso 2004-2005 un total de 5 ciclos superiores e 11 ciclos medios. A maior concentración de prazas e cursos dase nos concellos de A Estrada (con 4 ciclos medios e 2 ciclos superiores cun total de 156 prazas), e Lalín (con 4 ciclos medios e 2 ciclos superiores cun total de 148 prazas).

No eido da formación profesional ocupacional, no **cadro 4.12.** expóñense os titulados nos cursos de formación profesional ocupacional por comarcas na área funcional. A nivel xeral, na área funcional de Lalín impartíronse 75 cursos ao longo do ano 2003, aos que asistiron 1.198 alumnos, cursos que contaban cun orzamento previsto de 1.949.445 euros.

Na comarca do Deza impartíranse a

decembro do ano 2003, 49 cursos, aos que asistiron 775 alumnos, contando un orzamento previsto de 1.090.162 euros. A materia á que se dedicaron un maior número de cursos foi á de “servizos ás empresas”, con 15 cursos e 237 alumnos, seguida de “comercio”, con 11 cursos e 164 alumnos.

Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes impartíronse no citado ano un total de 26 cursos, aos que asistiron 423 alumnos, contando cun orzamento previsto de 859.283 euros. As materias ás que se lle dedicou un maior número de cursos dentro desta comarca foron en primeiro lugar “servizos ás empresas”, con 9 cursos e 147 alumnos, seguida das de “administración e oficinas”, “artesanía” e “industria da madeira e da cortiza”, con 3 cursos e 48, 50 e 45 alumnos, respectivamente.

**4.13.**

**Ocupacións más ofertadas e más demandadas no Servizo Público de Emprego de Galicia 2004: distribución segundo comarcas**

	Ofertadas	Prazas		Demandadas		Demandantes
<b>Comarca do Deza</b>				Total Demandantes (1)	1.906	
Xardineiro, en xeral	62			Empregado administrativo en xeral	162	
Matachín de aves e coellos	45			Dependente de comercio en xeral	152	
Albanel	37			Mozo-Muller de limpeza, limpador en xeral	115	
Carpinteiro de aluminio	31			Albanel	81	
Técnico de protección civil	28			Camareiro, en xeral	67	
Peón da construcción de edificios	22			Modista/o	49	
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	13			Peón da construcción de edificios	49	
Peón de obras públicas en xeral	12			Cociñeiro, en xeral	48	
Dependente de comercio, en xeral	12			Peón da ind. manufactureira, en xeral	45	
Empregado administrativo, en xeral	11			Conductor de camión, en xeral	42	
<b>Comarca de Tabeirós- Terra de Montes</b>	491				2.043	
Albanel	83			Empregado administrativo en xeral	228	
Técnico de protección civil	60			Dependente de comercio en xeral	227	
Peón da construcción de edificios	39			Mozo-Muller de limpeza, limpador en xeral	130	
Mozo carga/descarga, almacén	33			Peón da ind. manufactureira, en xeral	116	
Carpinteiro, en xeral	25			Albanel	112	
Formador de formación ocupac. Non regada	19			Modista/o	61	
Panadeiro	18			Camareiro en xeral	56	
Asistente domiciliario (auxiliar axuda domicilio)	16			Cociñeiro, en xeral	50	
Cociñeiro, en xeral	12			Peón da construcción de edificios	47	
Vixiante instalacións deportivas e semellantes	7			Carpinteiro, en xeral	37	

(1) Un demandante pode solicitar ata 6 ocupacións distintas, polo que a suma da columna de demandas das ocupacións indicadas, non coincide co número de demandantes totais que as solicitan

Fonte: Instituto Galego das Cualificacións, Informe comarcal do mercado laboral

Tendo en conta os cursos de formación ocupacional impartidos en cada unhas das dúas comarcas que componen a área funcional analizada, o **cadro 4.13.** mostra as ocupacións más ofertadas e más demandadas no Servizo Público de Emprego de Galicia no ano 2004 a nivel comarcal. Á hora de analizar o dito **cadro 4.13.**, hai que ter en conta que un demandante pode solicitar ata 6 ocupacións distintas, polo que a suma da columna de demandas das ocupacións indicadas non coincide co número total de demandantes que as solicitan. Tendo esto en conta, o maior número de ofertas dáse na comarca de Tabeirós-Terra de Montes, con 491. Entre as actividades ofertadas na citada comarca destaca polo número de ofertas a de “albanel”, con 83 ofertas, seguida da de “técnico de protección civil” e “peón da construcción de edificios”, con 60 e 39 respectivamente. Frente a estas ocupacións más ofertadas, as más demandadas

na comarca son as de “empregado administrativo en xeral” (228), “dependente de comercio en xeral” (227) e “mozo-muller de limpeza, limpador en xeral” (130). Na comarca de Tabeirós-Terra de Montes existen catro coincidencias entre as dez ocupacións más ofertadas e as dez más demandadas, estas coincidencias prodúcese nas actividades de “albanel” (83 ofertas, 112 demandas), “peón da construcción de edificios” (39 ofertas, 47 demandas), “carpinteiro, en xeral” (25 ofertas, 37 demandas), e “cociñeiro, en xeral” (12 ofertas, 50 demandas).

Na comarca do Deza no ano 2004 ofertáronse un total de 426 prazas. As ocupacións más ofertadas son as de “xardineiro, en xeral”, con 62 ofertas, seguida da de “matachín de aves e coellos” e “albanel”, con 45 e 37 ofertas, respectivamente. Entre as ocupacións más demandadas na comarca destaca as de “empre-

#### 4.14.

#### *Oferta de Programas de Garantía Social na área funcional de Lalín 2005-2006*

Concello	Centro	Programa de garantía Social	Modalidade (1)
<b>A Estrada</b>	IES Antón Losada Diéguez	Axudante de mecánica xeral e electricidade do vehículo	A
	IES nº 1	Auxiliar de perruquería Axudante de servicios de restaurante e bar Operario de carpintería de madeira maciza Operario de instalacións eléctricas de baixa tensión Servizos auxiliares de oficina	B B B B B
<b>Lalín</b>	IES Laxeiro	Axudante de operacións de carrozaría do vehículo Axudante de reparación de automóbilis Operario de carpintería Operario de carpintería de madeira maciza Operario de construcións metálicas en aluminio Operario de fontanaría Operario de instalacións eléctricas de baixa tensión Operario de refriceración e climatización Operario de soldadura e construcións metálicas Operario de textil e confección	B B B B B B B B B
	IES Ramón Mª Aller Ulloa	Auxiliar de axuda no domicilio e residencias asistidas Auxiliar de pueraría Auxiliar de puericultura Axudante de mecánica xeral e electricidade do vehículo Axudante de operacións de carrozaría do vehículo axudante de servizos de restaurante e bar Dependente de comercio Operario de viveiros e xardíns	B B B B B B B B
<b>Silleda</b>	IES Pintor Colmeiro	Servizos auxiliares de oficina	A

(1) Os programas de modalidade A son os programas de formación educativa e profesional, e os programas de modalidade B son os programas de iniciación profesional

Fonte: Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

gado administrativo en xeral” (162), “dependente de comercio en xeral” (152) e “mozo-muller de limpeza, limpador en xeral” (115). Na comarca do Deza existen tres coincidencias entre as dez ocupacións más ofertadas e as dez más demandadas, estas coincidencias prodúcese nas actividades de “peón da construcción de edificios” (22 ofertas, 49 demandas), “dependente de comercio en xeral” (12 ofertas, 152 demandas) e “empregado administrativo en xeral” (11 ofertas, 162 demandas).

Para finalizar a análise do ámbito educativo da área funcional de Lalín, o **cadro 4.14.** mostra os **Programas de Garantía Social** ofertados na citada área funcional no curso 2005-2006. Estes programas, de carácter non regrado, teñen como finalidade esencial a recuperación do alumnado que non logrou os obxecti-

vos do ensino obligatorio, ao que se lle proporciona unha formación básica e profesional que permita a súa incorporación á vida activa ou continuación de estudos de FP específica de grao medio. Os Programas de Garantía Social permiten que o alumnado poida elixir entre aproximadamente 60 perfís profesionais distintos nos que iniciarse profesionalmente.

Existen tres modalidades de Programas de Garantía Social: os programas de formación educativa e profesional, tamén chamados programas de modalidade A, que son programas que se desenvolven integralmente nun centro educativo no que se imparten ensinanzas de educación secundaria, de educación de adultos, de artes plásticas e deseño, e de educación especial; os programas de iniciación profesional, denominados tamén de modalida-

**4.15.**

*Referencias poboacionais para hospitalización xeral: poboación protexida 2004*

	0 - 14 anos	15 - 64 anos	máis de 64 anos	Total
C.H. Universitario de Santiago	43.356	259.860	80.591	383.807
C.H. de Pontevedra	28.256	151.144	41.027	220.427
<b>Total Galicia</b>	<b>302.528</b>	<b>1.814.966</b>	<b>583.649</b>	<b>2.701.143</b>

Fonte: Sergas

**4.16.**

*Camas e quirófanos nos hospitais xerais do Sergas 2004*

	Camas		Quirófanos	
	Instaladas	Funcionantes	Instalados	Urxencias
C.H. Universitario de Santiago	1.180	1.090	26	-
C.H. de Pontevedra	554	539	15	2
<b>Total Galicia</b>	<b>7.629</b>	<b>7.213</b>	<b>167</b>	<b>14</b>

Fonte: Sergas

dade B, que son programas en que a área de formación básica se desenvolve nun centro educativo dos indicados anteriormente e a área de formación profesional específica en colaboración con entidades da Administración local, con institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro ou con empresas; e por último existen os programas que se desenvolven na súa totalidade en entidades da Administración local e en institucións públicas ou privadas sen ánimo de lucro.

O citado **cadro 4.14.** mostra a oferta destes programas no conxunto da área funcional. Neste senso, existen tres concellos e cinco centros nos que estes programas son impartidos, dous centros no concello de A Estrada, dous no concello de Lalín e un centro no concello de Silleda. Dos 25 programas impartidos na área analizada, 23 son de modalidade B e dous de modalidade A, existindo unha forte concentración da oferta dos mesmos no concello de Lalín, onde son impartidos

o 72% do total dos cursos existentes na área funcional obxecto de análise.

## Saúde

O **cadro 4.15.** mostra a poboación protexida para hospitalización xeral dependente da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, na área funcional distribuída por idades, neste senso a poboación da área funcional está protexida hospitalariamente polo C.H. Universitario de Santiago que protexe á poboación dos concellos da comarca do Deza e ao concello de A Estrada, mestres que a poboación dos concellos de Ceredo e Forcarei están protexidos polo C.H. de Pontevedra Neste senso o C.H. Universitario de Santiago protexe hospitalariamente ao 90,7% da poboación da área funcional.

A distribución do número de camas e quirófanos nos dous hospitais dependentes do Sergas que afectan á poboación da área funcional e a comparación co total de

hospitais do sergas está recollida no **cadro 4.16**. O número de camas instaladas no C.H. Universitario de Santiago, no ano 2004 ascendeu a 1.180, das que 1.090 corresponden a camas funcionantes. Atendendo ao peso relativo sobre o total galego, as camas instaladas e funcionantes do C.H. Universitario de Santiago representan respectivamente o 15,5% e o 15,1% do total das camas en Galicia.

No que ao número de quirófanos se refire, na área funcional de Lalín, e, en concreto, no C.H. Universitario de Santiago, referencia hospitalaria de tódolos concellos da área funcional agás os concellos de Ceredo e Forcarei, hai un total de 26 quirófanos instalados (ningún de urxencias), o que representa o 15,6% dos quirófanos instalados no total de Galicia. O número de quirófanos instalados no C.H. de Pontevedra ascendeu no ano 2004 a 15, dos que dous son de urxencias.

No caso da atención especializada, no ano 2004 prodúcense un total de 35.454 ingresos no C.H. Universitario de Santiago (92,37 ingresos por cada 1.000 habitantes), o que supuxo un incremento do 0,1% dos ingresos respecto ao ano anterior. A estadía media neste hospital foi de 10,16 días, fronte aos 9,18 días no conxunto dos hospitais do Sergas (**cadro 4.17**). Os ingresos no ano 2004 no C.H. de Pontevedra ascenderon a 19.530, un 5,3% menos que no ano anterior, situándose a estadía media global en 8,8 días.

En relación á actividade cirúrxica, no C.H. Universitario de Santiago ao longo do ano 2004 producíronse un total de 24.865 intervencións, un 3,2% máis que

no ano anterior, o que representa o 14,7% das intervencións totais practicadas en Galicia polos hospitais pertencentes ao Sergas. Por outra banda, é importante salienta-lo incremento do 7,8% das intervencións con hospitalización no C.H. Universitario de Santiago no ano 2004 así como o incremento do 2,3% das intervencións por cada 1.000 habitantes que acadan no ano 2004, no citado C.H. as 64,79 intervención por cada 1.000 habitantes.

Polo que respecta á actividade de obstetricia, o número de partos no C.H. Universitario de Santiago no ano 2004 ascendeu a 1.946 un 0,4% menos que no ano anterior, situándose a taxa de cesáreas no 22,96%, 9,2 puntos porcentuais superior á existente no ano 2003 no citado C.H..

No ano 2004, no C.H. Universitario de Santiago, realizáronse un total de 577.928 consultas, un 6,8% máis que no ano anterior, o que representa o 13,5% do total das consultas realizadas polos hospitais do Sergas en Galicia ao longo do ano 2004. O número de urxencias atendidas no C.H. Universitario de Santiago foi de 160.846, un 2,1% máis que no ano anterior, o que supón o 15,2% das urxencias totais do sergas; a cantidade de urxencias atendidas ao día no C.H. Universitario de Santiago pasa de 431,78 no ano 2003 a 439,47 no ano 2004, o que supón un incremento do 1,8%. No C.H. de Pontevedra realizáronse no ano 2004 un total de 400.426 consultas, un 2% menos que as levadas a cabo no ano anterior; no que respecta ás urxencias, foron atendidas un total de 84.616, un 1,8% menos que no ano anterior, o que supón 231,19 urxen-

4.17.

## Actividade asistencial 2003-04: atención especializada

	Hospitais do Sergas total Galicia (1) 2003 2004	Hospitais do Sergas total Galicia (1) 04/03 04/04	C.H. Universitario de Pontevedra 2003 2004	C.H. Universitario de Santiago 2003 2004	C.H. Universitario de Santiago 04/03 04/04
<b>Estadias</b>	2.131.409	2.172.680	1.913	171.413	171.792
<b>Ingresos</b>	236.578	236.609	0,0	20.632	19.530
<b>Traslados internos</b>	32.753	32.751	-0,0	2.910	2.897
<b>Ingresos por mil habitantes</b>	88,38	87,60	-0,9	94,89	88,60
<b>Estadia media global</b>	9,01	9,18	1,9	8,31	8,80
<b>Estadia media materno-infantil</b>	3,69	3,84	4,1	4,42	4,40
<b>% de ocupación</b>	81,87	82,19	0,4	83,24	86,76
<b>Índice de rotación</b>	33,62	33,18	-1,3	36,65	36,23
<b>Intervenciones totales</b>	164.737	168.839	2,5	14.622	13.619
<b>Intervenciones con hospitalización</b>	36.246	86.028	137,3	8.355	7.805
<b>Intervenciones ambulatorias</b>	75.841	78.749	3,8	6.267	5.814
<b>Intervenciones por mil habitantes</b>	61,54	62,51	1,6	67,25	61,78
<b>% Intervenciones ambulatorias</b>	46,04	46,64	1,3	42,86	42,69
<b>Estadia media preoperatoria</b>	1,67	1,76	5,4	1,62	1,73
<b>Partos</b>	13.016	12.810	-1,6	1.232	1.217
<b>Cesáreas</b>	4.600	4.735	2,9	541	549
<b>Taxa de cesáreas (%)</b>	26,11	26,99	3,4	30,51	31,09
<b>Consultas totais</b>	4.079.738	4.281.905	5,0	408.782	400.426
<b>Primeiras consultas</b>	1.324.650	1.341.257	1,3	111.685	104.409
<b>Consultas sucesivas</b>	2.755.088	2.756.014	0,1	279.589	275.721
<b>Consultas de preanestesia e farmacia</b>	137.449	182.634	32,9	17.508	20.296
<b>Consultas por mil habitantes</b>	1.524	1.585	4,0	1.880	1.817
<b>Consultas sucesivas/primeras</b>	2,08	2,06	-1,0	2,50	2,64
<b>Urxencias atendidas</b>	1.060.166	1.059.728	-0,0	86.130	84.616
<b>Ingresos urxentes</b>	151.454	156.447	3,3	12.943	12.507
<b>Urxencias por mil habitantes</b>	396,04	392,33	-0,9	396,13	383,87
<b>Presión de urxencias (%)</b>	64,02	66,12	3,3	62,73	64,04
<b>% de urxencias ingresadas</b>	14,29	14,76	3,3	15,03	14,78
<b>Urxencias/día</b>	2.904,56	2.895,43	-0,3	235,97	231,19

Data de situación: 31-12-2004 e 31-12-2003

Os denominadores poboacionais das frecuencias obtívérsonse da Taxeta Sanitaria

Fonte: Sergas

#### 4.18.

##### GRD (1) más frecuentes no C.H. Universitario de Santiago 2004

	Peso medio	Episodios	(%)	Estadía media	UPH
Parto sen complicacións	0,5474	1.456	4,11	3,48	797
Trast. Respiratorios exc. Infeccións, bronquite, asma con cc maior	2,3654	1.219	3,44	12,63	2.883
Procedementos cardiovasculares percutáneos	1,6499	577	1,63	6,56	952
Trast. Circulatorios con IAM sen compl. Maiores, alta con vida	0,7357	523	1,48	4,49	385
Parto con complicacións	0,7167	516	1,46	3,94	370
Outros diagnósticos anteparto sen complicacións médicas	0,3946	504	1,42	3,71	199
Substitución de cadeira excepto por complicacións	3,7557	465	1,31	11,79	1.746
Psicose	1,2703	441	1,24	25,18	560
Cesárea, sen complicacións	0,8330	439	1,24	10,10	366
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	0,5353	419	1,18	4,92	224
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	0,4915	388	1,09	1,56	191
Insuficiencia cardíaca e choque	1,4851	388	1,09	10,81	576
Proc. sobre útero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc	1,1034	381	1,07	5,94	420
Procedementos misceláneos sobre oído, nariz, boca e ggorxa	0,6786	374	1,05	3,03	254
Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc	0,6620	371	1,05	3,70	246
ICC e arritmia cardíaca con CC maior	3,4787	350	0,99	13,05	1.218
Quimioterapia	1,0682	340	0,96	6,35	363
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia intracranial	2,0507	330	0,93	10,30	677
Procedementos sobre o ano e enterostomía sen CC	0,5809	311	0,88	3,24	181
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc	0,8757	286	0,81	5,28	250
Esclerosis múltiple e ataxia cerebelosa	1,1034	284	0,80	3,40	313
Proc. Extr. Inferior e úmbero exc. Cadeira, pé, fémur idade >17 sen cc	1,2802	267	0,75	9,85	342
Outros diagnósticos de aparello respiratorio sen CC.	0,6215	256	0,72	9,34	159
Colectectomía laparoscópica sen explorac. conducto biliar sen cc	0,8620	254	0,72	9,28	219
Implant. Marcapasos card. Perm. Sen IAM, F.Cardíaco, Shock, Desfib.ou subst.xerador	3,7176	251	0,71	6,51	933

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos

Fonte: Sergas

#### 4.19.

##### GRD (1) más frecuentes no C.H. de Pontevedra 2004

	Peso medio	Episodios	(%)	Estadía media	UPH
Parto sen complicacións	0,5474	981	5,02	2,76	537
Trast.respiratorios exc. infeccións, bronquite, asma con cc maior	2,3654	598	3,06	14,34	1.415
Cesárea, sen complicacións	0,8330	381	1,95	7,71	317
Insuficiencia cardíaca e choque	1,4851	345	1,77	11,15	512
Proc. sobre útero e anexos por ca.in situ e proceso non maligno sen cc	1,1034	329	1,68	6,30	363
Aborto con dilatación e legrado, aspiración ou histerotomía	0,4915	280	1,43	1,74	138
ICC e arritmia cardíaca con cc maior	3,4787	254	1,30	14,23	884
Apendicectomía sen diagnóstico principal complicado sen cc	0,8757	253	1,29	3,87	222
Substitución de cadeira excepto por complicacións	3,7557	249	1,27	14,47	935
Psicose	1,2703	219	1,12	19,25	278
Parto con complicacións	0,7167	212	1,08	3,95	152
Outros diagnósticos de aparello respiratorio con cc	1,0020	200	1,02	11,94	200
Procedementos sobre hernia inguinal e femoral idade>17 sen cc	0,6620	200	1,02	2,77	132
Trastornos cerebrovasculares específicos excepto AIT e hemorraxia intracranial	2,0507	189	0,97	11,42	388
Trast.circulatorios con IAM sen compl. maiores alta con vida	1,7389	188	0,96	7,93	327
Procedementos sobre xeonillo sen cc	1,0769	182	0,93	3,15	196
Outros diagnósticos anteparto con complicacións médicas	0,5353	182	0,93	4,08	97
Amigdalectomía e/ou adenoidectomía só, idade<18	0,5105	181	0,93	2,08	92
Enfermidade pulmonar obstructiva crónica	1,1655	181	0,93	14,11	211
Trastornos dos hemacias idade>17	1,0591	170	0,87	3,77	180

(1) metodoloxía que inclúe a agrupación das altas en función da súa complexidade (GRD) e que constitue o sistema de medición da actividade asistencial dos centros na área de especialización de agudos

Fonte: Sergas

**4.20.**

***Lista de espera na área funcional de Lalín 2004***

	Hospitalización cirúrxica				Espera media media (días)	Espera media consultas externas (días)
	0 a 3 meses	3-6 meses	máis de 6	Total		
	(nº pacientes)					
C.H. Universitario de Santiago	3.547	1.061	11	4.619	63,2	32,4
C.H. De Pontevedra	1.850	910	512	3.272	105,5	33,5

Fonte: Sergas

cias atendidas ao día no citado complexo hospitalario.

O estudo da casuística permite analizar a productividade en relación co número e complexidade da patoloxía atendida. No C.H. Universitario de Santiago, **cadro 4.18.**, o parto sen complicacións, os Trastornos respiratorios exc. Infeccións, bronquite, asma con cc maior e os procedementos cardiovasculares, son os responsables do maior número de altas válidas con 1.456, 1.219 e 577 respectivamente. O **cadro 4.19.** mostra a mesma información para o C.H. de Pontevedra, sendo neste caso o parto sen complicacións, os Trastornos respiratorios exc. Infeccións, bronquite, asma con cc maior e a cesárea, sen complicacións, os responsables do maior número de altas válidas con 981, 598 e 381 respectivamente.

No que respecta á lista de espera, no C.H. Universitario de Santiago ao longo do ano 2004 había un total de 4.619 pacientes na lista de espera cirúrxica cunha espera media de 63,2 días, dos que o 76,8% (3.547 pacientes) esperaron menos de 3 meses para ser atendidos. No que respecta ás consultas externas, a espera media das mesmas no citado Hospital ascendeu no ano 2004 a 32,4 días de media. No C.H. de Pontevedra o número de pa-

cientes en lista de espera no ano 2004 ascendeu a 3.272, dos que 1.850 (o 56,5%) esperaron menos de 3 meses para ser atendidos, ascendendo a espera media a 105,5 días, no caso das consultas externas a espera media ascendeu a 33,5 días (**cadro 4.20.**).

### **Servizos sociais**

Tal como se determina no artigo 3 da Lei 9/1991, do 2 de outubro, galega de medidas básicas para a inserción social, a renda de integración social de Galicia e mailas axudas para situacións de emergencia social configúranse como dereitos recoñecibles a toda persoa que reúna os requisitos e as condicións esixidos na citada lei e segundo os preceptos contidos nela.

En concreto, a renda de integración social de Galicia configúrase como unha prestación social destinada a garantir recursos económicos de subsistencia a quen careza deles, así como a acadar a súa autonomía e integración normalizada mediante un proxecto personalizado de inserción.

A distribución do número de solicitudes e beneficiarios da renda de integra-

**4.21.**

*Solicitudes e beneficiarios da Risga e AES 2004*

	Risga		Axudas de emerxencia social	
	Solicitudes	Beneficiarios	Solicitudes	Beneficiarios
<b>Comarca do Deza</b>				
A Golada	17	27	20	7
Dozón	1	3	-	-
Lalín	-	1	-	-
Rodeiro	9	15	7	2
Silleda	-	2	-	-
Vila de Cruces	3	5	11	5
	4	1	2	-
<b>Comarca de Tabeirós-Terra de Montes</b>				
A Estrada	24	19	13	10
Forcarei	22	17	11	9
Cerdeiro	1	-	-	-
	1	2	2	1
<b>A. Funcional de Lalín</b>	<b>41</b>	<b>46</b>	<b>33</b>	<b>17</b>
<b>Provincia de Pontevedra</b>	<b>836</b>	<b>1.306</b>	<b>1.122</b>	<b>783</b>
<b>Galicia</b>	<b>2.262</b>	<b>4.173</b>	<b>2.760</b>	<b>1.747</b>
<b>A. Funcional / Pontevedra (%)</b>	<b>4,9</b>	<b>3,5</b>	<b>2,9</b>	<b># 2,2</b>
<b>A. Funcional / Galicia (%)</b>	<b>1,8</b>	<b>1,1</b>	<b>1,2</b>	<b>1,0</b>

Fonte: Dirección Xeral de Servicios Comunitarios e Inclusión Social

ción social de Galicia (Risga), así como das axudas de emerxencia social para o ano 2004 está contida no **cadro 4.21**.

No que respecta ás rendas de integración social, o número de beneficiarios na área funcional de Lalín ascendeu no ano 2004 a 46 persoas, existindo no citado ano un total de 41 solicitudes novas. Comparando co conxunto da provincia de Pontevedra e da comunidade autónoma, a área funcional acolle ao 4,9% e ao 3,5% do total de solicitudes e beneficiarios desta renda da provincia de Pontevedra e o 1,8% e o 1,1% do total de solicitudes e beneficiarios da Risga a nivel galego.

Atendendo á distribución comarcal, o citado **cadro 4.21**. mostra como o 58,7% dos beneficiarios da Risga perten-  
cen á comarca do Deza (27 beneficiarios), fronte á comarca de Tabeirós-Terra de Montes, que, con 19 beneficiarios, acolle ao restante 41,3% dos beneficiarios totais da área funcional.

As axudas de emerxencia social teñen como obxectivo o establecemento de axudas económicas de pagamento único, destinadas a paliar necesidades extraordinarias e urxentes de persoas afectadas por situacións de emerxencia.

O número de beneficiarios das axudas de emerxencia social na área funcional de Lalín ascendeu no ano 2004 a 17 persoas, producíndose un total de 33 solicitudes no citado ano. Comparando co número de beneficiarios e solicitudes da provincia de Pontevedra e do conxunto de Galicia, a área funcional analizada acolle ao 2,9% e o 2,2% das solicitudes e beneficiarios da provincia de Pontevedra e o 1,2% e o 1% do total de solicitudes e beneficiarios galegos.

Atendendo á distribución comarcal destas axudas, observamos no **cadro 4.21.** que o 58,8% do total de beneficiarios destas axudas pertenecen á comarca de Tabeirós-Terra de Montes.

4.22.

## Poboación maior na área funcional de Lalín a 1-1-2002

	Poboación de 65 e más anos		Poboación 3ª idade (65 a 84 anos)		Poboación 4ª idade (85 e más anos)		Índice de senectude (2)	Índice de envellecemento (3) (%)	Índice de dependencia maiores (4)
	Total	Homes	Total	Homes	Total	Homes			
		Mulleres		Mulleres		Mulleres			
<b>Comarca do Deza</b>									
A Golada	5.187	6.838	10.385	4.632	5.753	#	1.640	555	1.085
Dozón	578	743	1.132	501	631	189	77	77	112
Lalín	246	298	470	216	254	74	30	44	32.1
Rodeiro	1.922	2.528	3.866	1.735	2.131	584	187	397	182.7
Silleda	625	686	1.104	539	565	207	86	121	30.9
Vila de Cruces	2.365	2.955	1.410	2.027	857	1.170	338	98	240
<b>Comarca de Taberós-Terra de Montes</b>									
A Estrada	3.140	4.838	6.870	2.836	4.034	#	1.108	304	804
Forcarei	2.158	3.283	4.698	1.946	2.752	743	212	531	24.6
Cerdeiro	635	995	1.395	582	813	235	53	182	33.9
<b>Área funcional Lalín</b>									
Pontedeira	20.003	8.327	11.676	17.255	7.468	9.787	2.748	859	1.889
Galicia	162.039	64.349	97.690	143.643	59.423	84.220	18.393	4.923	13.470
	579.658	238.645	341.013	510.572	217.773	292.799	69.086	20.872	48.214

(1) Índice de velez: (Poboación de 65 e más anos/ Poboación total)\*100

(2) Índice de senectude: (Poboación de 85 e más anos/ Poboación de 65 e más anos)\*100

(3) Índice de envellecemento: (Poboación de 65 e más anos/ población de 0 a 14 anos)\*100

(4) Índice de dependencia dos maiores: (poboación de 65 e más anos/ Poboación de 15 a 64 anos)\*100

Fonte: Anuario Social de La Caixa

No eido das persoas maiores, o **cadro 4.22.** reflicte que a poboación galega maior de 65 anos na área funcional de Lalín ascendeu no ano 2002 a 20.003 persoas, o que supón o 26,2% da poboación total da área funcional. Esta porcentaxe acada o 17,6% na provincia de Pontevedra e o 21,2% no conxunto de Galicia. Comparando co volume de poboación maior de 65 anos existente na provincia de Pontevedra e no conxunto de Galicia, a poboación con esta idade na área funcional de Lalín supón o 12,3% do total da provincia de Pontevedra e o 3,4% do total galego.

Atendendo aos diferentes índices recollidos no devandito **cadro 4.22.**, cómpre salientar que a área funcional obxecto de análise presenta en todos os índices valores significativamente superiores aos rexistrados na provincia de Pontevedra e para o conxunto da comunidade autónoma.

O índice de vellez, que relaciona a poboación maior de 65 anos coa poboación total, presenta un valor na área funcional de 26,7%, de xeito que 26,7 persoas de cada cen na área funcional teñen máis de 65 anos, fronte ás 21,2 de cada cen de media para Galicia. A nivel comarcal o índice de vellez maior corresponde á comarca de Tabeirós-Terra de Montes, co 27,4% da súa poboación total maior de 65 anos. A nivel municipal destaca o concello de Ceredo, co 37,3% da súa poboación con máis de 65 anos, fronte ao concello de Lalín, que, co 21,8% da súa poboación maior de 65 anos, é o concello da área funcional que presenta un menor índice de vellez.

O índice de senectude, definido como a porcentaxe de poboación maior de 85 anos sobre a poboación de máis de 65 anos, presenta un valor do 13,7% para o conxunto da área funcional, fronte ao 11,9% de Galicia e o 11,4 da provincia de Pontevedra. A nivel comarcal destaca a comarca de Tabeirós-Terra de Montes, onde o 13,9% da poboación maior de 65 anos ten máis de 85 anos. A nivel municipal o concello cun maior índice de senectude é o de Forcarei (14,4%).

O índice de envellecemento é a porcentaxe de poboación de 65 e máis anos sobre a poboación de 0 a 14 anos. Este índice presenta un valor para o conxunto da área funcional de 251,8%, fronte ao 182,8% para o conxunto de Galicia e o 136% da provincia de Pontevedra. A nivel comarcal destaca a comarca de Tabeirós-Terra de Montes, cun índice do 267,6%, e a nivel municipal o concello de Ceredo é o que presenta un índice de senectude maior (662%).

Finalmente o índice de dependencia de maiores mostra o número de persoas de 65 e máis anos por cada 100 persoas potencialmente activas. Este índice alcanza un valor do 41,3% para o conxunto da área funcional, fronte ao 31,5% do conxunto de Galicia e o 25,4% da provincia de Pontevedra. A nivel comarcal, a comarca cun maior índice de dependencia de maiores é a de Tabeirós- Terra de Montes, co 43,4%, e o concello cun índice maior é o de Ceredo, co 65,3%.

Para concluir a análise da área funcional de Lalín, é importante ter en conta o número de **centros e prazas residenciais**.

**ciais** existentes na área funcional obxecto de estudo. Neste senso, no que respecta a centros públicos de asistencia a persoas maiores, na área funcional de Lalín existen dúas miniresidencias públicas, nos concellos de A Estrada e Vila de Cruces, con 40 e 49 prazas, respectivamente, e unha vivenda comunitaria pública, con 10 prazas, no concello de A Golada.

No que respecta ás prazas e centros privados, na área funcional funciona unha residencia privada, no concello de Lalín, con 76 prazas, e unha vivenda comunitaria privada, neste mesmo concello, con 12 prazas.

Finalmente, destaca a existencia dun centro ocupacional privado para discapacitados no concello de Lalín, con 15 prazas, e unha residencia privada para adultos con discapacidade, con 10 prazas, no concello de A Estrada. ■